

# FICHA DE TRANSCRITOR



**Nome:** Sergio de la Ossa Jiménez

**Data de nacemento:** 16-01-1978

**Lugar de nacemento:** Madrid



**Biografía:** Vive desde 1982 en Compostela, onde realizou estudos de Mestre de Educación Musical (USC, 1996-1999) e de guitarra clásica. Trasládouse a Hungría, onde impartiu entre 2011 e 2015 a materia de Música Tradicional no Instituto Kodály da Academia Liszt (Kecskemét). Antes completara a súa formación entre 2001 e 2004 (obtivo o novo Máster de Especialista en Pedagogía Musical Kodály no 2010). En 2015 retoma os estudos de guitarra no Conservatorio Superior de A Coruña. Realiza arranxos musicais e composicións principalmente para guitarra.

Recibiu leccións e consellos sobre transcrición e catalogación de músicas tradicionais de parte das etnomusicólogas Mária Domokos e Olga Szalay, do Instituto de Musicoloxía (ZTI) da Academia Húngara das Ciencias, Budapest.

Exerceu como mestre de solfexo, guitarra clásica e harmonía en varios centros, e tamén impartiu cursos e conferencias sobre música tradicional, baile e xogos e a adaptación do Método Kodály. En 2014 ofreceu a única conferencia sobre temática galega na edición do WOMEX en Santiago de Compostela. Na actualidade imparte aulas de teoría e análise de música tradicional n'a Central Folque (Curso Maxistral da EMPA).

Froito do seu interese no baile tradicional e na notación do movemento, participa como co-autor do libro de didáctica do baile tradicional galego *Así fan os bailadores...* (Baiona: Dos Acordes, 2009). Colabora tamén na publicación *Florencio, cego dos Vilares* (aCentral Folque, 2015). É co-tradutor (xunto con Veronika Gergely) de dúas novelas húngaras ao galego, editadas por Rinoceronte.

